



CONCELLOS

O INCIO

Anuncio

O orzamento xeral do Concello do Incio para o exercicio 2020 foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 10 de marzo de 2020, e publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 59, do día 12 de marzo. Exposto ao público durante o prazo de quince días hábiles, non se presentaron reclamacións contra o mesmo, polo que de conformidade co artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, considérase definitivamente aprobado o orzamento xeral desta entidade para o ano 2020, as bases para a súa execución e o cadro de persoal. Segundo o disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, procédese á publicación do resume por capítulos do mencionado orzamento.

ESTADO DE GASTOS

A.- OPERACIÓNS CORRENTES

I	Gastos de persoal	804.223,94 €
II	Gastos correntes en bens e servizos	611.500,00 €
III	Gastos financeiros	12.500,00 €
IV	Trasferencias correntes	4.500,00 €

B.- OPERACIÓNS DE CAPITAL

VI	Investimentos reais	356.776,06 €
VII	Transferencias de capital	0,00 €
VIII	Activos financeiros	0,00 €
IX	Pasivos financeiros	21.500,00 €

TOTAL PRESUPOSTO DE GASTOS: 1.811.000,00 €

ESTADO DE INGRESOS

A.- OPERACIÓNS CORRENTES

I	Impostos directos	525.087,05 €
II	Impostos indirectos	10.000,00 €
III	Taxas precios públicos e outros ingresos	208.136,89 €
IV	Trasferencias correntes	685.000,00 €
V	Ingresos patrimoniais	7.000,00 €

B.- OPERACIÓNS DE CAPITAL

VI	Alleamento de inversións reais	99.000,00 €
VII	Transferencias de capital	0,00 €
VIII	Activos financeiros	0,00 €
IX	Pasivos financeiros	276.776,06 €

TOTAL PRESUPOSTO DE INGRESOS: 1.811.000,00 €

O Incio, 7 de abril de 2020.- O ALCALDE, Hector M. Corujo Gonzalez

R. 0715

QUIROGA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO 2020

O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 9 de marzo de 2020, aprobou inicialmente o orzamento xeral para o exercicio 2020, xunto co cadro de persoal para dito exercicio. O acordo foi sometido a exposición pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 061, do 14 de marzo de 2020.

Ao non presentarse reclamacións durante o período de exposición pública, enténdese definitivamente aprobado. En cumprimento do disposto no punto 3 do artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, faise público o resume por capítulos, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE INGRESOS

Orzamento de Ingresos 2020	
Económica	Importe
Capítulo 1. Impostos directos	1.220.000,00
Capítulo 2. Impostos Indirectos	12.000,00
Capítulo 3. Taxas e outros ingresos	537.300,00
Capítulo 4. Transferencias correntes	1.556.000,00
Capítulo 5. Ingresos patrimoniais	17.650,00
Total Ingresos correntes	3.342.950,00
Capítulo 7. Transferencias de capital	475.000,00
Capítulo 9. Pasivos financeiros	120.000,00
Total Ingresos de capital	595.000,00
Orzamento de Ingresos 2020	3.937.950,00

ESTADO DE GASTOS

Orzamento de Gastos 2020	
Económica	Importe
Capítulo 1. Gastos de persoal	1.606.400,00
Capítulo 2. Compra de bens correntes e servizos	1.281.500,00
Capítulo 3. Gastos financeiros	19.500,00
Capítulo 4. Transferencias correntes	147.000,00
Capítulo 5. Fondo de continxencia	10.000,00
Total Gastos correntes	3.064.400,00
Capítulo 6. Investimentos reais	649.550,00
Capítulo 7. Transferencias de capital	99.000,00
Capítulo 9. Pasivos financeiros	125.000,00
Total Gastos de Capital	873.550,00
Orzamento de Gastos 2020	3.937.950,00

Na referida sesión tamén se acordou aprobar o cadro de persoal desta entidade que, de conformidade co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducése a continuación:

ANEXO DE PERSOAL - Persoal funcionario

Denominación	Escala	Subescala	Grupo	CD	Observs.
Secretaria	Habilitación Nacional	Secretaría-Intervención	A1/A2	26	P - CS
Administrativo Admón. Xeral	Administración Xeral	Administrativa	C1	22	P
Administrativo Admón. Xeral	Administración Xeral	Administrativa	C1	22	P
Administrativo Admón. Xeral	Administración Xeral	Administrativa	C1	22	P
Secretaría Dirección	Administración Xeral	Administrativa	C1	22	P
Subalerno	Administración Xeral	Subalterna	E	13	P
Policia Mpal.	Administración Especial	Servizo Especial	C1	22	P
Policia Mpal.	Administración Especial	Servizo Especial	C1	22	P
Traballadora Social	Administración Especial	Técnica	A2	24	P
Administrativo Admón. Xeral	Administración Especial	Administrativa	C1	22	P
Director Museo	Administración Especial	Técnica	A1	24	P
Directora Casa Cultura	Administración Especial	Técnica	A2	24	P
Conserxe Casa Cultura	Administración Especial	Subalterna	E	13	V
Enxeñeiro Técnico Agrícola	Administración Especial	Técnica	A1/A2	24	P
Peón	Administración Especial	Subalterna	E	13	P

ANEXO DE PERSOAL - Persoal laboral fixo

Emprego	Nº de postos	Xornada	Grupo	Situación
Técnico actividades deportivas	1	Xornada completa	C1	V
Arquitecta/o municipal	1	Xornada completa	A1/A2	T
Subalternos-Conserxe Casa da Cultura	1	Xornada completa	E	V
Servizo de Augas	2	Xornada completa	E	P
Servizo Recollida RSU	1	Xornada completa	E	P

ANEXO DE PERSOAL - Persoal laboral temporal e indefinido

Emprego	Nº de postos	Tipo de xornada	Tipo Contrato	Duración estimada
Orientación laboral	1	Xornada completa	T	12 meses
Electricista concello	1	Xornada completa	T	12 meses
Telefonista Concello	1	Xornada completa	T	12 meses
Limpadora concello	1	Xornada completa	T	12 meses
Limpadora polideportivo	1	Media xornada	T	12 meses
Persoal atención instalacións culturais	3	Media xornada	T	12 meses
Servizos administrativos	2	Xornada completa	E	12 meses
Auxiliar Admtva. ARI	1	Xornada completa	T	12 meses
Conserxe colexio	1	Media xornada	T	12 meses
Servizos RTQ	3	Xornada completa	T	12 meses
Técnico Medio Ambiente	2	Xornada completa	T	12 meses
Xardineiro	1	Xornada completa	T	12 meses
Limpeza colexio	1	Media xornada	T	12 meses
Peón Servizo de Augas	1	Xornada completa	T	12 meses
Grupo Emerxencia Supramunicipal	6	Xornada completa	T	12 meses
Persoal Centro Social e Centro Día	4	Xornada completa	T	12 meses
Educadora familiar	1	Xornada completa	T	12 meses
Psicóloga CIM	1	Media xornada	T	12 meses
Avogada CIM	1	Xornada completa	T	12 meses

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do orzamento

municipal poderá interpoñerse directamente recurso contencioso – administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Quiroga, 7 de abril de 2020.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 0716

RIBADEO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 7 de abril de 2020 o Padrón para o cobro conxunto das taxas por subministro de augas, recolleita de lixo e sumidoiros para o bimestre **xaneiro-febreiro de 2020**, exponse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de 15 días hábiles, e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria por prazo de 90 días a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P. (segundo o Decreto de Alcaldía 2020-0177 de data 03/04/2020 referente aos efectos nos tributos e outros ingresos públicos debido ao Covid-19).

Ribadeo, 6 de abril de 2020.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 0731

SAMOS

Anuncio

Aprobados por Decreto de Alcaldía en data 03/04/2020, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a MARZO de 2020, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello no Banco Santander ou BBVA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debedas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 4 de abril de 2020.- O ALCALDE, Julio Gallego Moure.

R. 0717